

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE403A 2009/49-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE A GUARDA
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE PERCEBE
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	DENDE EMBARCACIÓN

Especies	Percebe (<i>Pollicipes pollicipes</i>)
Ambito do plan	De punta Orelludas a punta dos Picos
Subzonas de explotación	Zona A: de punta Orelludas ata Pedra do Forno Zona B: dende Pedra do Forno ata punta Pescadoira Zona C: dende Puntal Sarrido ata contradique porto A Guarda Zona D: dende Baloeiro ata punta dos Picos.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	19	31
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		
Si (aprobados para o ano 2009)		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		100										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : de xaneiro a decembro												
Modalidade⁽³⁾ : dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura	
Especies	Habilitación enrolado e a bordo/día
Percebe	6 kg 10 kg (nos días destinados ao proxecto "Xestión integral da pesqueira do percebe")

Artes a empregar	Rasqueta, segundo o Decreto 424/1993
-------------------------	--------------------------------------

Puntos de control	Peirao do porto da Guarda, peirao de Santa M ^a de Oia
Puntos de venda	Lonxa da Guarda

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
Extracción semente para resembr												
Zonas:												
Especies:												

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos		X	X							X	X	
Zonas: zona A (O Regueiriño do torto), zona B (pedras do Costado, O Lombo, O Callao), zona C (O Peixiño, Os Petóns e A Balea)												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ampliación: Para o plan do ano 2009 foi autorizado un incremento de 9 habilitacións, tendo en conta que as 9 embarcacións incluídas no plan que dispoñían unicamente dun prazo con dereito a cupo. Dita ampliación non foi solicitada pola entidade para este ano.

Para o ano 2010, a entidade solicita un incremento en 16 embarcacións e 46 habilitacións, xa que deste xeito cubriría a demanda existente por parte das embarcacións da Guarda que non teñen esta modalidade no seu permiso e de todas as embarcacións que contan cun sola habilitación. Dende o punto de vista biolóxico e social este incremento do esforzo pesqueiro nun 84% non está avalado. Dado ademais que dende o ano 2001 houbo un descenso de 11 habilitacións e que nestes momentos existen 9 embarcacións cun só tripulante, motivos que fundamentaron a ampliación aprobada para o ano 2009, reitérase que a ampliación só sería posible nun incremento de 9 habilitacións.

O proceso de cobertura de vacantes realizarase segundo o establecido na Resolución de 09.10.2007 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se modifica o baremo aplicable para acceso á explotación dos recursos específicos aprobado por Resolución de 16.09.2007

Calendario: Co fin de adaptar os días autorizados aos traballados en anos anteriores, redúcense a 100 días. A maiores destes, poderán adicar 4 días de actividade ao proxecto "Xestión integral da pesqueira do percebe", que non serán coincidentes cos días de actividade extractiva "habitual".

Aperturas mensuais: Tendo en conta as características da zona de traballo, acéptase que nas resolucións de apertura dos meses de xuño a setembro se podan incluír zonas principias e de reserva (A,D), sempre e cando o INTECMAR informe favorablemente e o cambio da zona de traballo sexa comunicado á delegación territorial.

Cotas máximas de captura: As cotas son as establecidas na ficha. Durante os 4 días de traballo destinados ao proxecto "Xestión integral da pesqueira do percebe" poderán extraerse 10 kg/mariscadora/día de percebe alongado. As subzonas de explotación do percebe alongado son.



- Pedra O Peixiño (zona C)
- Pedra O Petón Grande (zona C)
- Pedra A Balea (zona C)

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

A pesares do acordo do colectivo de que mentres se realice a extracción nas pedras ninguén pode contar coa axuda de persoas sen habilitación que queden na embarcación limpando as capturas, non se poderá impedir a realización de labores complementarias da actividade de extracción (limpezas) a tripulantes enrolados na embarcación que non teñan habilitación para a extracción de percebe.

Respecto á prescindir do uso da embarcación para o acceso a determinadas pedras cómpre suliñar que a Orde do 6 de marzo de 2000, modificada pola Orde do 13 de novembro de 2008, na súa exposición de motivos fai mención ao acceso por terra en caso de mal tempo. *“Trátase dun marisco que se atopa en zonas de difícil acceso, en rochas situadas na zona marítimo-terrestre, ás que se pode acceder por terra, pero en moitos casos o seu acceso só é posible a través dunha embarcación. Situación que se complica **naqueles casos en que o mal tempo dificulta o uso da embarcación e fai preciso que os seus tripulantes accedan ao recurso por terra**”.* Nesta mesma orde, no artigo 7º.2 *“Os tripulantes habilitados poderán realizar a súa actividade extractiva só cando a embarcación na que están enrolados estea debidamente despachada e figure anotada no seu libro de rexistro da actividade pesqueira a extracción de percebe”.* Polo tanto, este sería o único caso, en caso de mal tempo, no que os tripulantes habilitados poden acceder ás zonas por terra.